



Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra
Departamento 14. Edificio da Lonxa– Porto de MARÍN, 36900 MARÍN (PONTEVEDRA)
CIF: G-36593606 Tfno. 886 21 30 15 gacpontevedra@gmail.com

Asunto. Solicitud de oferta económica e técnica

Contratación: Asistencia técnica para a elaboración dos informes de auditoría tanto para gastos de funcionamento e animación como para proxectos financiados ao abeiro da EDLP do GALP Ría de Pontevedra

Procedemento: Abreviado segundo Instrucción 11 de Contratación.

Importe máximo autorizado : 1.000 € - 9.000 €.

O Grupo de Acción Local do Sector pesqueiro da Ría de Pontevedra foi recoñecido como entidade colaboradora coa Consellería do Mar para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014 – 2020 no ano 2016.

O Grupo asinou un convenio coa Consellería do Mar (Anexo 1) en virtude do que, o Grupo segundo a cláusula vixésima, deberá remitir un informe trimestral coa xustificación dos gastos subvencionables acompañado dun informe de auditoría que haberá de ser elaborado por un auditor externo, inscrito no ROAC.

Ademais, as xustificacións dos proxectos subvencionados ao abeiro da EDLP aprobada deberán ir acompañados tamén por un informe de auditoría. Estas auditorías haberán de axustarse á instrucción remitida pola Consellería do Mar para os informes de auditoría.

Por este motivo, o Grupo solicita a súa mellor oferta pra a asistencia técnica para a elaboración dos informes de auditoría tanto para gastos de funcionamento como para proxectos. Na oferta deberá vir especificado o orzamento para cada un de estes conceptos de forma separada podendo contratarse de forma independente e debendo establecerse unha fórmula de cálculo para o importe de auditoría dos proxectos en función do orzamento finalmente aprobado pola Consellería do Mar para proxectos ao abeiro da EDLP do GALP Ría de Pontevedra na presente anualidade. Igualmente deberá procederse cos gastos de funcionamento na previsión de que estes non se xustificasen na súa totalidade.

Condições técnicas da oferta.

O auditor deberá axustarse as indicacións realizadas pola Consellería do Mar para a emisión dos informes de auditoría, en particular á Instrucción nº 4 relativa aos mesmos. Así mesmo,





CIF: G-36593606

Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)

Tfno. 886 21 30 15



valorarase que inclúan a verificación das declaracións de non vinculación emitidas tanto polo GALP como polos beneficiarios dos proxectos.

Condicións administrativas da oferta.

A oferta que se presente deberá incluír os seguintes documentos:

- Oferta económica
- Oferta técnica na que se inclúa a xustificación da experiencia do auditor, en auditoría de Fondos Europeos, especificamente, de desenvolvemento local e o compromiso de prazos de presentación de informes de auditoría.
O Convenio de colaboración e as instrucións de contratación emitidas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro no seu desenvolvemento establecen prazos para a entrega dos informes de auditoría que deberán ser inferiores a:
 - o 25 días dende o remate do trimestre ata a presentación do informe de auditoría ante a Consellería do Mar.
 - o 2 meses dende a presentación da xustificación á entrega da proposta de pagamento do GALP ante a Consellería do Mar.
- Anexo que se xunta obrigado para a presentación de ofertas perante os GALPs.

Criterios de adxudicación.

O contrato adxudicarase a oferta máis vantaxosa economicamente dentro das que cumpran coas especificacións técnicas e detalle orzamentario requirido.

Valoraranse tamén os compromisos de prazos de entrega dos informes de auditoría e o alcance e concreción e técnica da proposta.

Marín, 25 de marzo de 2019,

Asdo. Laura Nieto Zas

Xerente do GALP Ría de Pontevedra

